

EPAPU “EDUARDO PONDAL”

Guía didáctica

Historia de España

2º BACHARELATO

Introducción

A Historia é o estudo da vida humana a través do tempo. Trátase de entender como o mundo foi variando ata chegar ao noso e, por tanto, como seguirá variando despois de nosoutros. Hai que entender primeiro que varia e onde o fai, co cal establecemos o principio de temporalidade-es-pacialidade. Despois hai que entender por que e como foi variando, e así introducimos o segundo principio, o de causalidade. Ambos principios son os piares de calquera estudo histórico. En calquera período da historia, os procesos económicos, sociais, políticos e culturais, que se estudan por separado, cada un baixo a súa propia etiqueta, están sempre totalmente imbricados. Que se estuden por separado non significa que sexan independentes os uns dos outros, senón que, pola contra, se un deles cambia, cambian tamén, necesariamente, todos os demais.

A historia non ha de entenderse como a sucesión de feitos heroicos realizados por persoas sobresaíntes, senón como a obra de todos: heroes e masas anónimas que non deixaron, aparentemente, pegadas do seu paso polo mundo. A Historia facémola todos.

Os contidos de calquera estudo histórico son os máis apropiados para fomentar ideais de tolerancia fronte ás culturas diferentes á nosa, contribúen a relativizar os nosos propios hábitos e crenzas e permiten argumentar de forma crítica as propias ideas sobre a nosa sociedade. Iso contribúe á vez á formación de cidadáns responsables e conscientes do lugar que ocupan. Por iso, entender o mundo no que se vive ha de ser o obxectivo último dunha materia como esta. A presente materia non é unha historia universal; circunscríbese só a España, pero sen esquecer dúas cousas: a súa ligazón por arriba co resto de Europa e o mundo, e a súa ligazón por abaixo con, neste caso, Galicia. Os tempos históricos poden non coincidir nos tres ámbitos sinalados. Un exemplo aclarará o que dicimos: o fenómeno que chamamos Revolución Industrial prodúcese antes en certos países de Europa Occidental que en España, a onde chega máis tarde, pero en Galicia apenas se produce. Esa é a especificidade dun mesmo fenómeno nos tres ámbitos: Europa, España e Galicia, e esa é a especificidade que se ha de salientar naqueles temas que tratan aspectos da historia galega.

As primeiras unidades en que se divide a materia abarcan longuísimos períodos temporais; as últimas, polo contrario, breves etapas de tempo. Non se debe este contraste ao feito de que uns períodos sexan máis importantes ca outros, senón que se pretende ofrecer cada vez máis elementos de xuízo a medida que nos achegamos ao presente. Como xa se dixo, o fin último dunha materia como esta é facer intelixible o mundo no que nos tocou vivir.

Metodoloxía de estudo

Co estudo desta materia tratarase de conseguir assimilar, de maneira crítica e razoada, os contidos de Historia, para o cal é preciso ter moi claro a sucesión dos diferentes feitos históricos.

Ademais, o alumnado deberá contrastar versións diferentes dun mesmo feito, valorando aquelas testemuñas máis significativas do pasado. Trátase así de indagar sobre as cousas que de verdade aconteceron para poder entender o noso presente. Tendo en conta que a actividade práctica que con maior frecuencia realizará o alumnado ao longo do curso será o comentario de textos históricos, van a continuación algunhas breves observacións sobre como abordar ese comentario e, ao mesmo tempo, algunha advertencia sobre os erros que con maior frecuencia se cometen ao desenvolver ese labor.

O comentario de textos

O primeiro paso a dar á hora de abordar o comentario é a lectura atenta do texto. O segundo paso será a ordenación dos contidos, o que implica a xerarquización dos mesmos, é dicir, distinguir e separar o principal do accesorio ou secundario. Para iso pode ser útil subliñar as palabras claves do texto, aquelas que aluden a personaxes históricos, acontecementos, institucións, etc. O comentario debe ir enfocado a destacar o contexto histórico (época, circunstancias económicasociais, etc.) no que xurdiu o texto. Tamén ten que destacar a súa importancia ou transcendencia.

Hai dúas cousas que non se deben facer á hora de comentar un texto histórico: non se debe parafrasear o texto, é dicir, non se debe repetir o que este di, aínda que si se pode e se deben utilizar frases textuais súas, sempre entre comiñas, como xustificación da elaboración do mesmo.

Non se debe tomar “o texto como pretexto” e facer unha redacción sobre a temática do mesmo á marxe por completo deste e como se se estivera contestando a unha pregunta teórica. Iso desvirtúa por completo o que é un comentario de textos.

Ademais do comentario de textos, calquera materia de historia préstase a outra serie de traballos prácticos. Son eles esencialmente tres:

- Comentario de mapas históricos que axuden o alumnado a situar no espazo calquera fenómeno histórico da índole que sexa. O seu comentario irá enfocado a sinalar o momento histórico que reflicte o mapa proposto e a súa posible relación con momentos anteriores ou posteriores.
- Comentario de gráficas: para abordalo vale o dito ao falar do comentario de texto. Non se deben repetir simplemente os datos reflectidos na gráfica senón que hai que facer unha redacción persoal utilizando e mencionando os datos que a gráfica proporciona, formulando as conclusións pertinentes.
- Comentario de táboas estatísticas: aquí a evolución a través do tempo dos datos da táboa xoga un destacado papel á hora de abordar o comentario. Dunha táboa de datos deste tipo poden obterse importantes conclusións para os momentos que se reflicten nela: fenómenos de crecemento ou de retroceso demográfico, económico ou doutro tipo; épocas de crise; etc. O comentario abordará tamén o contexto histórico que se reflicte na táboa proposta.

Libro de texto

ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, X., BREA PEDREIRA, A., ROMERO MASIÁ, A.,
Historia de España, segundo curso de bacharelato, **Baía Edicións**, A Coruña.

Unidades

Unidade 1. Hispania e Gallaecia na antigüidade. As primeiras culturas.

Unidade 2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais. A Galicia medieval.

Unidade 3. Os Reis Católicos e a monarquía hispánica. A Galicia dos Austrias.

Unidade 4. O A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. A Galicia borbónica.

Unidade 5. Inicios e consolidación do réxime liberal.

Unidade 6. Estado e nación na Restauración borbónica. Nación e nacionalismos en España.

Unidade 7. As transformacións socioeconómicas na España liberal.

Unidade 8. A Segunda República e a Guerra Civil.

Unidade 9. España no franquismo.

Unidade 10. España en democracia. A Galicia autonómica.

Distribución temporal das unidades

1º trimestre (1ª avaliación):

Unidades 4-5

As unidades 1-2-3 avaliaranse a través dun traballo entregado e orientado polo profesor e do exame correspondente

2º trimestre (2ª avaliación):

Unidades 6-7-8

3º trimestre (3ª avaliación):

Unidades: 9-10

Lecturas recomendadas

AA.VV., Materiais para o estudo da Historia de España Contemporánea, Ed.. Tórculo, Compostela, 1998.

ARTOLA, M. (dir.), Historia de España, Alianza Editorial, Madrid, 1973.

BARREIRO FERNÁNDEZ, J.R., Historia Contemporánea de Galicia, Ed.. Gamma, La Coruña, 1982.

CARR, R., España 1808-1939, Ed.. Ariel, Barcelona, 1979.

CHORDÁ RIOLLO, F.; RIVERO GONZÁLEZ, I; MARTÍN MARTÍN, T., Diccionario de Términos Históricos y Afines, Ed.. Istmo, Madrid 1995.

COMELLAS, J.L., Historia de España Moderna y Contemporánea, Ed. Rialp, Madrid, 1990.

COOK, CH., Diccionario de términos históricos, Ed. Alianza, Madrid 1977.

DOMÍNGUEZ ORTIZ, A., Las clases privilegiadas en la España del Antiguo Régimen, Ed. Istmo, Madrid, 1973.

DOMÍNGUEZ ORTIZ, A., Sociedad y Estado en el siglo XVIII español, Ariel, Barcelona, 1986.

ELLIOT, J.H., La España Imperial. 1469-1716, Vicens Vives, Barcelona, 1986.

PALMER, A., Diccionario de Historia del Siglo XX, Ed.. Grijalbo, Barcelona, 1983.

PAYNE, S.G., La España medieval. Desde sus orígenes hasta el fin de la Edad Media, Playor, Madrid, 1985.

RODRÍGUEZ GARCÍA, CASTILLA SOTO, Diccionario de términos de Historia de España. Edad Moderna, Ariel, Barcelona, 2005.

SÁNCHEZ DE MADARIAGA, E., Conceptos fundamentais de Historia, Ed.. Alianza, Madrid, 1998.

SOLÉ TURA, J., AJA, E., Constituciones y períodos constituyentes en España (1808-1936), Ed.. Siglo Ventiuno de España, Madrid, 1997.

TÉMINE, E. e outros, Historia de la España contemporánea. Desde 1908 hasta nuestros días, Ariel, Barcelona 1982.
 TUÑÓN DE LARA, M. (dir.), Historia de España, Ed.. Labor, Barcelona 1984.
 TUÑÓN DE LARA, M., La España del siglo XIX, Ed.. Laia, Barcelona, 1975.
 TUÑÓN DE LARA, M., La España del siglo XX, Ed.. Laia, Barcelona, 1974.
 VICENS VIVES, J., Aproximación a la Historia de España, Vicens Vives, Barcelona, 1991.
 VICENS VIVES, J., Atlas de Historia de España, Ed.. Teide, Barcelona, 1980.
 VICENS VIVES, J., Historia Económica de España, Ed.. Vicens Vives, Barcelona, 1982.
 VILAR, P., Historia de España, Ed.. Crítica, Barcelona, 1978.
 VILAR, P., Oro y Moneda en la Historia. 1450-1920, Ed.. Ariel, Barcelona, 1974.

I^a AVALIACIÓN

Unidade 1. Hispania e Gallaecia na antigüidade: as primeiras culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar as principais etapas da prehistoria peninsular e as súas características.
- Entender os elementos clave do proceso de hominización valorando a importancia dos achados de Atapuerca.
- Comparar o modo de vida das sociedades cazadoras-recolectoras coas sociedades agrícolas.
- Analizar as culturas tartésica, ibérica e castrexa.
- Comprender o proceso colonizador de fenicios, gregos e cartaxineses, localizando as súas colonias máis importantes.
- Identificar as características da sociedade e da economía da España prerromana.
- Coñecer as etapas da conquista da Península por Roma e os territorios ocupados en cada etapa.
- Comprender o proceso de romanización.
- Identificar as características da economía, sociedade, cultura e relixión da Hispania romana.
- Analizar as causas que produciron a caída do Imperio Romano.
- Entender o proceso de inserción xermánica na sociedade hispanorromana.
- Coñecer os datos fundamentais dos reinos suevo de Gallaecia e visigodo de Toledo.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Coñecer o proceso de hominización e as formas de vida na Prehistoria da Península Ibérica e de Galicia.
- * Recoñecer os pobos colonizadores (indoeuropeos, fenicios e gregos), situándoos no espazo e no tempo.
- * Identificar os pobos indíxenas (tartessos, iberos e celtas), situándoos no espazo e no tempo.
- * Explicar o proceso de conquista e de romanización da Península Ibérica.
- * Identificar as características da organización político-administrativa da Península durante a dominación romana.
- * Explicar a crise do século III e as invasións dos pobos «bárbaros», situándoas no espazo e no tempo.

*Explicar o proceso de formación dos reinos suevo e visigodo, situándoos no espazo e no tempo.

Unidade 2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais. A Galicia medieval.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar as etapas e características da España islámica.
- Explicar a organización do Estado andalusí.
- Expor as bases económicas e culturais de Al-Andalus.
- Comprender o proceso de formación dos reinos cristiáns do norte entre os séculos VIII e X.
- Explicar o proceso de repoboación.
- Coñecer a consolidación e a expansión dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XIII.
- Comprender a crise da Baixa Idade Media e as transformacións habidas nos diferentes núcleos políticos peninsulares nos séculos XIV e XV.
- Identificar as principais características da economía, sociedade e cultura das diferentes etapas dos reinos cristiáns na Idade Media.
- Elaborar un eixe cronolóxico sobre a Idade Media.

CONTIDOS MÍNIMOS

* Coñecer a evolución política de al-Ándalus (711-1031), os trazos máis significativos da crise do califato, os reinos taifas, as invasións norteafricanas e o reino nazarí de Granada.

* Explicar o declive político de al-Ándalus (1031-1492).

* Comentar mapas dos avances cristiáns, explicando o significado histórico dos principais personaxes.

* Diferenciar os avances da España cristiá, durante os séculos XI, XII e XIII, fronte aos reinos de taifas e as invasións norteafricanas.

* Definir conceptos e termos relacionados coa organización política de al-Ándalus.

* Analizar as estruturas sociais e económicas de al-Ándalus.

Unidade 3. Os Reis Católicos e a monarquía hispánica. A Galicia dos Austrias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explicar o significado da unión dinástica dos Reis Católicos.
- Coñecer a España dos Reis Católicos e as súas características, a permanencia das peculiaridades dos diferentes reinos.
- Coñecer os principais feitos da política interior e exterior dos Reis Católicos.
- Analizar os problemas das minorías étnicas e relixiosas da época.
- Identificar as principais características da economía, sociedade e demografía desta etapa.

- Comprender as diferentes fases do proceso de unificación política da Península: conquista de Granada, incorporación de Navarra e unión de Portugal.
- Coñecer o imperio dos Austrias (séculos XVI e XVII).
- Identificar as características políticas e socioeconómicas da España dos Austrias.
- Analizar os conflitos internos da España dos Austrias: as Comunidades de Castela, o problema dos mouriscos, etc.
- Identificar as causas que posibilitaron o descubrimento de América.
- Coñecer o proxecto inicial de Colón.
- Explicar o proceso de negociacións e a súa finalización coas Capitulacións de Santa Fe.
- Coñecer o reparto do mundo entre España e Portugal e as súas consecuencias.
- Coñecer as principais expedicións de conquista en América.
- Comprender a organización do imperio americano.
- Analizar a explotación económica de América.
- Comprender o impacto da colonización nos pobos indíxenas.
- Analizar o impacto da colonización na economía e na sociedade españolas.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Identificar as transformacións dos reinos peninsulares a finais do século XV.
- * Explicar como se realiza a unión política dos reinos peninsulares.
- * Analiza a situación socioeconómica dos reinos da monarquía hispánica.
- * Sitúa no espazo e no tempo a creación da monarquía e do imperio hispánico.
- * Coñecer as características que definen o primeiro imperio hispánico.
- * Describe os feitos máis significativos do descubrimento de América e a expansión territorial.
- * Coñece os principais acontecementos ocorridos en Galicia durante a Idade Moderna.

Unidade 4. O A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. A Galicia borbónica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Entender a chegada da nova dinastía dos Borbóns.
- Explicar as características da sociedade estamental.
- Identificar as características da economía do Antigo Réxime.
- Coñecer os aspectos fundamentais da monarquía absoluta dos Borbóns en España (centralización e uniformización, etc..)
- Identificar os principais aspectos do reformismo ilustrado español.
- Explicar as características da Galicia do Antigo Réxime.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Describir as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Guerra de Sucesión.
- * Recoñecer os Decretos de Nova Planta e a reforma administrativa dos primeiros Borbóns.

- * Comentar o novo papel de España no contexto internacional.
- * Describir a situación da agricultura española e os intentos de reforma.
- * Identificar os elementos de modernización na produción industrial e no comercio.
- * Relacionar información sobre o pensamento ilustrado en España e en Galicia.
- * Analizar fotografías, textos e obras de arte sobre a ciencia, a cultura e a arte do século XVIII.

Unidade 5. Inicios e consolidación do Réxime Liberal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar os principais aspectos da guerra de independencia española e o impacto que tivo en Galicia.
- Explicar a importancia da obra de Cádiz e do primeiro liberalismo español.
- Identificar as características dos diferentes períodos nos que se divide o reinado de Fernando VII.
- Coñecer o conflito na sucesión ao trono de Fernando VII e as súas consecuencias.
- Analizar a influencia que tivo a Guerra da Independencia española no proceso independentista das colonias americanas.
- Explicar o proceso de independencia das colonias americanas.
- Comprender o por que do desenvolvemento da 1ª guerra carlista.
- Coñecer as características da etapa da rexencia de Mª Cristina.
- Explicar o inicio das reformas liberais no Estatuto Real de 1834.
- Coñecer as reformas progresistas feitas entre 1835 e 1837 (disolución do réxime señorial, a desvinculación das terras -supresión de morgados, etc.-, a desamortización eclesiástica).
- Identificar as principais características da constitución de 1837.
- Explicar as características da rexencia de Espartero.
- Coñecer as diferentes etapas polas que atravesou o reinado de Sabela II.
- Analizar as características da constitución de 1845.
- Explicar a crise do moderantismo entre 1856 e 1868.
- Identificar os antecedentes da revolución de 1868 (crise económica, deterioro político).
- Analizar a revolución Gloriosa.
- Coñecer os principais trazos da constitución de 1869.
- Identificar e analizar a etapa da monarquía de Amadeo de Savoia (1870-73).
- Explicar a etapa da Primeira República española (1873-74).

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Relacionar a Revolución Francesa coa guerra da Independencia española de 1808.
- * Explicar os principais acontecementos que determinan a política de Napoleón en España.
- * Recoñecer a obra das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- * Identificar os trazos que diferencian unha monarquía absoluta dunha monarquía liberal ou parlamentaria.
- * Coñecer as etapas do reinado de Fernando VII e as súas características.

- * Esquematizar os principais acontecementos independentistas na América hispana.
- * Resumir as etapas, coas súas características, do reinado de Sabela II.
- * Resumir as distintas etapas do Sexenio Revolucionario cos seus principais feitos e características.
- * Situar cronoloxicamente e no espazo xeográfico os acontecementos deste período histórico.

IIª AVALIACIÓN

Unidade 6. As transformacións socioeconómicas na España liberal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explicar a evolución da agricultura no século XIX.
- Identificar as diferentes etapas da desamortización.
- Explicar as consecuencias que tivo a desamortización en Galicia e as características da nosa agricultura nesta etapa.
- Coñecer o proceso de construción da rede ferroviaria.
- Explicar os inicios da industria moderna: a mecanización da industria téxtil e o aumento da produción.
- Analizar a diversidade rexional na industria.
- Identificar os obstáculos á industrialización.
- Comprender e analizar o comercio español.
- Analizar as causas da desindustrialización de Galicia e os seus novos sectores.
- Identificar as características da demografía española do século XIX e a súa evolución.
- Analizar as causas dos movementos migratorios.
- Identificar a evolución da emigración en Galicia e as súas consecuencias.
- Comprender as características dunha sociedade de clases.
- Analizar os principais conflitos obreiros e campesiños.
- Coñecer os principais sindicatos obreiros e as súas características.
- Coñecer o agrarismo en Galicia.
- Analizar a conflictividade urbana e os motíns de consumos.
- Explicar a situación da muller e os primeiros movementos feministas.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Explicar as características da evolución da poboación no século XIX.
- * Coñecer o fenómeno da emigración galega a América.
- * Relacionar os cambios na estrutura da propiedade da terra coas desamortizacións.
- * Enumerar as consecuencias do procedemento desamortizador.
- * Coñecer os trazos específicos da desamortización en Galicia.

- * Identificar as características da industria española na segunda metade do século XIX.
- * Coñecer a progresiva desindustrialización de Galicia durante o século XIX.
- * Relacionar as condicións da creación do movemento obreiro coas condicións laborais dos traballadores.
- * Diferenciar o pensamento marxista ou socialista do anarquista ou bakunista.
- * Describir a evolución da economía rural e as tensións sociais no campo.
- * Destacar o agrarismo como o movemento social máis importante en Galicia.
- * Analizar as características da industria e os períodos de expansión e crise.
- * Recoñece as formas de vida da clase obreira, as ideoloxías e os sindicatos.
- * Analizar a situación da muller e valora os cambios que se producen a principios do século XX.

Unidade 7. Estado e nación na Restauración Borbónica. Nación e nacionalismos en España.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explicar os fundamentos e as características do sistema da Restauración e o seu funcionamento (bipartidismo e alternancia pacífica no poder, manipulación electoral e caciquismo).
- Identificar as principais características da constitución de 1876.
- Analizar os principais partidos políticos dinásticos e as súas características.
- Identificar as principais forzas de oposición.
- Comprender os principais acontecementos relacionados coa guerra de Cuba e Filipinas.
- Coñecer as consecuencias económicas e políticas do desastre do 98.
- Analizar a crise de 1909 (Semana Tráxica), a súa relación coa guerra de Marrocos e as súas consecuencias políticas.
- Explicar a crise do parlamentarismo e as súas etapas.
- Explicar as características da crise de 1917.
- Identificar as etapas da Ditadura (1923-30), coas súas características e o fin da monarquía (1930-1931).
- Analizar o xurdimento dos nacionalismos.
- Identificar as principais características do catalanismo, do nacionalismo vasco e do galeguismo.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Explicar o sistema político da Restauración.
- * Distinguir os acontecementos do reinado de Alfonso XII (fin da guerra carlista, bipartidismo, política exterior) e os factores que empezan a minar o sistema da Restauración (depresión económica, guerra de Cuba).
- * Recoñecer o impacto da perda das colonias de ultramar.

- * Identificar as crises do sistema de quendas, o Pacto de El Pardo e a crise de 1917.
- * Recoñecer os problemas que provocaron a descomposición do réxime parlamentario.
- * Analizar a práctica do bipartidismo e definir conceptos e termos políticos.
- * Coñecer as prácticas do caciquismo en Galicia.
- * Determinar os factores que definen os nacionalismos periféricos.
- * Describir a ditadura de Primo de Rivera.
- * Analizar fontes diversas e elabora sínteses sobre os nacionalismos periféricos.
- * Sinala as características dos sectores de oposición ao réxime da Restauración.

Unidade 8. A Segunda República e a Guerra Civil.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar as diferentes etapas da Segunda República e as súas características.
- Explicar o significado do novo réxime e os seus obxectivos.
- Analizar as principais características da Constitución de 1931.
- Analizar os apoios que teñen os gobernos republicanos e os seus problemas.
- Analizar as diferenzas entre os grupos políticos e a formación de bloques antagónicos.
- Identificar os precedentes da revolución militar que pon fin á Segunda República.
- Controlar os aspectos máis significativos do golpe de Estado.
- Explicar as características ideolóxicas dos dous bandos.
- Explicar a evolución da Guerra Civil.
- Entender a internacionalización da guerra de España.
- Identificar os principais acontecementos sucedidos nas dúas zonas.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Recoñecer a situación política tras a caída da ditadura de Primo de Rivera.
- * Analizar aspectos económicos e sociais no contexto mundial da crise económica de 1929.
- * Describir as reformas do goberno provisional e do goberno constitucional da República.
- * Identificar os elementos máis significativos da Constitución de 1931 e compáraos cos doutras constitucións anteriores.
- * Identificar os partidos da dereita e o significado da súa actuación política.
- * Explicar a revolución de outubro e a actuación do Goberno conservador ata o triunfo da Fronte Popular.
- * Situar cronoloxicamente acontecementos significativos do período republicano.

- * Coñecer o proceso de elaboración e aprobación dos Estatutos de autonomía.
- * Coñecer as circunstancias históricas da Guerra Civil.
- * Explicar o desenvolvemento da guerra nas campañas militares e nas retagardas.
- * Analizar as transformacións sociais e económicas das retagardas na zona republicana e na franquista.
- * Explicar a traxectoria política da República e a do bando sublevado.
- * Interpretar fotografías, carteis de propaganda, obras de arte, etc., como testemuñas vivas da vida cotiá nas fronteiras e nas retagardas.
- * Explicar as causas e as consecuencias da Guerra Civil.

IIIª AVALIACIÓN

Unidade 9. España no franquismo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar as características do réxime franquista.
- Explicar as principais forzas de apoio ao franquismo.
- Determinar as posturas dos diversos grupos sociais ao réxime franquista.
- Coñecer a fase de illamento internacional.
- Describir a penuria económica da vida cotiá da posguerra española.
- Identificar as características da autarquía, do racionamento e do contrabando ou mercado negro.
- Analizar a política exterior do réxime franquista durante a Segunda Guerra Mundial e o seu cambio a partir do fin desta.
- Enumerar os motivos que provocaron a apertura económica ao exterior do réxime franquista na década dos cincuenta.
- Identificar as diferentes forzas opositoras ao réxime, tanto no interior como no exterior.
- Explicar a consolidación do franquismo e as súas características.
- Analizar o crecemento económico dos anos sesenta e as principais medidas tomadas neste sentido.
- Comprender a transformación da sociedade española e os cambios de comportamento.
- Analizar as causas e as consecuencias da emigración a Europa.
- Coñecer a conflictividade e os principais movementos sociais.
- Identificar os principais grupos políticos de oposición ao réxime franquista, tanto dentro de España como fóra.
- Comprender a conflictividade e os movementos sociais da última etapa do franquismo.
- Analizar a crise do réxime franquista e o seu final.
- Analizar as transformacións económicas, sociais e culturais de España nesta época.
- Valorar os cambios que conducen á aparición dunha sociedade moderna.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Describir o proceso de institucionalización franquista, situándoo no tempo.
- * Analizar a represión política, social e cultural e as súas consecuencias.
- * Identificar os cambios na estrutura demográfica e social durante o franquismo.
- * Explicar a evolución económica durante o franquismo: a fase da longa posguerra e a autarquía (1939-1959), a fase da expansión económica e a crise (1959-1975).
- * Coñecer os trazos principais da economía galega na autarquía.

Unidade 10. España en democracia. A Galicia autonómica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar a situación política española tras a morte de Franco.
- Identificar os principais aspectos da transición política en España (1875-78): as mobilizacións populares, o papel do antifranquismo, etc.
- Identificar as principais características da Constitución de 1978.
- Analizar o proceso autonómico en España facendo especial fincapé no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Explicar o impacto da crise de 1973 sobre a economía española.
- Identificar os logros e os problemas dos gobernos da UCD entre 1979 e 1982.
- Explicar o golpe de Estado do 23 de febreiro e as súas consecuencias.
- Enumerar os logros e os problemas dos gobernos socialistas entre 1982 e 1996.
- Especificar as políticas máis destacadas das dúas etapas de goberno do Partido Popular (1996-2004).
- Coñecer os principais aspectos de actuación política nos gobernos do PSOE (2004-2008).
- Analizar a evolución económica, social e cultural dende os anos setenta ata hoxe.
- Coñecer o cambio do papel de España no contexto internacional e explicar o proceso de integración de España na Unión Europea.

CONTIDOS MÍNIMOS

- * Identificar os feitos que se producen durante os primeiros gobernos da monarquía (continuidade da ditadura e Lei de Reforma Política).
- * Describir a situación das primeiras eleccións e os acordos sociais (Pactos da Moncloa).
- * Identifica as diferentes partes da Constitución de 1978, así como os dereitos e deberes da poboación e a política social.
- * Comparar a Constitución de 1978 coas de 1812, 1845 e 1876, e coa ditadura franquista, utilizando correctamente a terminoloxía política.
- * Identificar os problemas que debilitan a democracia, situándoos no tempo.
- * Coñecer o Estatuto de autonomía de Galicia aprobado en 1981.

- * Analizar os elementos da política socialdemócrata, a fin do illamento internacional e a consolidación do sistema democrático.
- * Explicar o proceso de integración da economía española no marco da Comunidade Europea, así como os cambios de costumes e de mentalidade da sociedade española.